



Folla interparroquial. Nº 1 Marzo 2011. Unidade de Acción Pastoral **Lousada-Samos**

Vivir con autenticidade

Estamos no Tempo de Coresma, camiño cara a Pascua. Xesús, o Fillo predilecto de Deus, coa súa Palabra e a súa vida, invítanos a vivir con autenticidade. Para elo é necesario entrar dentro de nós mesmos, coñecer a nosa propia historia, tomar conciencia do positivo que hai en nós para agradecerlo e compartilo, e das cousas negativas que hai na nosa vida para pedirlle a Deus que nos convirta, nos ilumine polo camiño e nos fortaleza na fe.

A coresma é tamén para os cristiáns unha chamada a vivir no amor e na solidariedade, rexeitando o egoísmo que mata en nós o amor e non nos deixa vivir, e desbotando da nosa vida todo tipo de individualismo que nos convirte en seres odiosos e solitarios.

O camiño non resulta doado, nel encontrámonos con tentacións, dificultades e problemas que poñen a proba a nosa esperanza e tamén a nosa relación con Deus. Xesús superou toda tentación.

Tamén nós necesitamos, nesas situacións, recuperar a confianza en nós mesmos e nas nosas posibilidades, nos demais e na súa axuda e amizade; pero sobre todo en Deus. O tempo de coresma é un tempo propicio para descubrir que Deus nos anima e da forzas para seguir buscando e esperando. Un tempo para crer de verdade en Deus desde a pobreza e limitacións da nosa vida e rezarlle coa confianza de que El nos escoita.

Un ano máis ofrécesenos a posibilidade de seguir o camiño de Xesús cara a Pascua. A súa actitude no seu percorrido cara a Pascua debe ser tamén a nosa. E consiste en que o amor se faga vida cada día na entrega e no servizo aos demais. Todo o tempo de coresma e a súa culminación na Pascua debe ser un tempo para vivir no amor unidos a Xesús.

A Coresma, camiño cara a Pascua iluminado pola Palabra de Deus

Os cristiáns, somos convocados un ano máis a vivir e celebrar con gozo gran festa da Pascua. Precisamente por tratarse da Celebración máis importante de todo o ano litúrxico, e para poder vivila como fonte de Vida e de Amor, por iso é necesario prepararnos ben. Esta é a razón do Tempo de Coresma. Un tempo para tomar conciencia do noso ser fillos de Deus polo Bautismo, para reafirmar a nosa vocación de seguidores e discípulos de Xesús deixándonos guiar pola Palabra de Deus.

Ofrecemos a continuación a idea central do Evanxeo de cada un dos cinco domingos de coresma.

1º Domingo : O Evanxeo fálanos das tentacións de Xesús (Mt. 4,1-11).

O Fillo de Deus, sométese á realidade existencial de facer o ben ou o mal, de buscar o que lle agrada a Deus ou o que lle agrada ó seu propio egoísmo. Xesús é tentado polo poder (dominar a terra), polo diñeiro (ter e posuír moito), polo prestixio (ser admirado por todos). Son tentacións moi humanas e frecuentes. Son presentadas ó Fillo de Deus, camufladas como algo moi positivo, coma todas as tentacións. Pero Xesús tamén aquí nos ensina coa vida, mostrándonos a posibilidade de vencer e saír triunfante. El indícanos o camiño para a nosa victoria. Non é o pecado quen vence, pode máis a graza de Deus, cando a acollemos no noso corazón.

2º Domingo: lemos o texto da Transfiguración do Señor (Mt.17, 1-9).

Xesús maniféstase no Monte Tabor ós apóstolos máis íntimos: Pedro, Santiago e Xoan. Estes ven a gloria de Deus e escoitan a manifestación do Pai: *“Este é o meu fillo predilecto, ¡escoitádeo!* Xesús sabía que se achegaban días difíciles para el e os seus seguidores. A súa entrega e morte na cruz estaban moi cerca. Pero antes de que sucedera, Xesús quere fortalecer a fe dos seus amigos para que poidan soportar as dificultades e persecucións. Por iso sube con eles ó monte para manifestarlles a súa gloria. Eles séntense “a gusto” e propoñen quedarse alí. Pero Xesús devolveos á realidade: Hai que baixar do monte e seguir o camiño cara Xerusalén, hai que fortalecer a fe dos irmáns máis febles, hai que predicar a Boa Nova.

Deus segue a manifestarnos a súa gloria a través da súa Palabra, dos sacramentos, da comunidade, dos pobres, da natureza... **¡Escoitémolo!** E non teñamos medo de ser seguidores do seu Fillo.

A Coresma, camiño cara a Pascua iluminado pola Palabra de Deus

Os cristiáns, somos convocados un ano máis a vivir e celebrar con gozo gran festa da Pascua. Precisamente por tratarse da Celebración máis importante de todo o ano litúrxico, e para poder vivila como fonte de Vida e de Amor, por iso é necesario prepararnos ben. Esta é a razón do Tempo de Coresma. Un tempo para tomar conciencia do noso ser fillos de Deus polo Bautismo, para reafirmar a nosa vocación de seguidores e discípulos de Xesús deixándonos guiar pola Palabra de Deus.

Ofrecemos a continuación a idea central do Evanxeo de cada un dos cinco domingos de coresma.

3º Domingo: Lemos o texto da muller samaritana (Xn. 4, 5-42).

Era preto das doce da mañá. Chegou unha muller de Samaría sacar auga. E Xesús díxolle: “dame de beber”. Así narra o Evanxeo de hoxe o comezo dun encontro entre unha muller e Xesús. A muller queda sorprendida polo feito de que un xudeo, como era Xesús, lle pedise de beber. Non había boa relación entre os xudeos e os samaritanos.

*Comezan o diálogo e Xesús fálalle doutra auga que non está no fondo da terra senón no profundo do corazón; dille á muller: *o que beba da auga que eu lle darei, converterase dentro del nunca fonte que saltará ata a vida eterna.* A muller entendeu que lle estaba falando da salvación por iso lle dí: *dame, Señor, desa auga.**

*No camiño cara a Pascua, pidamos tamén nós: *Dame, Señor desa auga**

4º Domingo: Lemos o texto do cego de nacemento (9, 1-41).

Xesús fai que un cego de nacemento recupere a vista. Moitos dos xudeos non entendían nin aceptaban este milagro. Tiñan cerrados os ollos da fe por iso non eran capaces de recoñecer en Xesús ó Mesías. Non estaban capacitados para descubrir a presenza de Deus entre eles. O cego que recobrou a vista abriu os ollos da fe e dixo: ***Creo, Señor.***

Pidámoslle ó Señor que nos axude a abrir os ollos da fe para descubrir a súa presenza no medio de nós.

5º Domingo: Lemos o texto da resurrección de Lázaro (Xn. 11,1-45)

Xesús recibe a noticia da morte do seu amigo Lázaro. Os discípulos sorpréndense. Ante a tumba, Xesús chora e Marta, a irmá de Lázaro, dille: *¡Señor, se ti estiveses aquí non morrería meu irmán.* E Xesús respóndelle: *teu irmán resucitará...¿cres ti isto, Marta? Respondeu: Si, Señor, eu creo que ti e-lo Fillo de Deus.* Despois desta confesión de fe Xesús chama por Lázaro e resucita.

Estamos ás portas da Semana Santa. Nela realízase o milagro definitivo: Deus resucita a Xesús de entre os mortos. A pregunta feita a Marta dirixese agora a cada un de nós: **¿Cres ti isto?**

PRÁCTICAS CUARESMAIS

En lo más íntimo de su ser el hombre está siempre en camino, está en busca de la verdad. La Iglesia participa en ello y ofrece al hombre en este tiempo cuaresmal unos medios para que ese profundo anhelo se haga realidad. Le ofrece unas prácticas tradicionales, unos medios:

El ayuno: Consiste en hacer más pobre nuestra mesa; privarnos de alguna cosa – y no sólo de los superfluo- apartar la mirada de nuestro yo, para descubrir a Alguien y reconocer a Dios en los rostros de nuestros hermanos.

La limosna: Recuerda que Dios es el primero y la atención hacia los demás, para redescubrir a nuestro Padre bueno y recibir su misericordia.

La oración: La Iglesia nos ofrece en abundancia la Palabra de Dios. La escucha atenta a esta Palabra alimenta el camino de la fe que iniciamos en el día del Bautismo. La oración nos permite adquirir una nueva concepción del tiempo; en la oración encontramos tiempo para Dios.